

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO ALUMNADO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG de 30 de setembro), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. Corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 alumnos/as**, dun total de 4 que debe ter o Consello Escolar.

2.- Son electores todos os alumnos/as matriculados/as no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios.

3.- Son elixibles os/as alumnos/as que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do IES. **As candidaturas poderán ser presentadas do 11 de novembro ata as 14'00 horas do día 18 de novembro.**

4.- A mesa electoral estará integrada pola directora do centro, que actuará como presidenta, e dous alumnos/as designados por sorteo, actuando como secretario/a o alumno/a de menor idade. A Xunta Electoral deberá prever o nomeamento de suplentes designados por sorteo.


5.- As **votacións** realizaranse neste IES o **día 29 de novembro, de 10:30 a 13:00 horas e de 16:30 a 18:30 hora.** A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 10:15 horas.

6.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **1 nome** dos candidatos presentados. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

7- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Bueu, 4 de novembro de 2022
O/A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,



Asdo.: Asunción Sónora Abuín

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG de 30 de setembro), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Corresponde elixir no presente proceso electoral a **3 profesores/profesoras**, dun total de 7 que debe ter o Consello Escolar. Os outros representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2021.

2.- O censo electoral do profesorado está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro.

3.- As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día 11 de novembro ata as 14'00 horas do día 18 de novembro.

4.- A mesa electoral estará formada polo Directora do Centro, que actuará como presidenta, e o profesorado de maior e menor idade, actuando este último de secretario.

5.- Cada profesor/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **2** da lista de candidatos/as.



6.- O voto será directo, secreto e non delegado.

7.- En reunión de claustro se procederase a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convocase Claustro de Profesores/as, a tales efectos, para o día **29 de novembro, ás 11:30 horas.**

8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Bueu, 4 de novembro de 2022

O/A DIRECTOR/A DO CENTRO E
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL



Asdo.: Asunción Señora Abujín



**ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE FAMILIAS AO
CONSELLO ESCOLAR
CONVOCATORIA**

De acordo coa Resolución do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG de 30 de setembro) a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR FAMILIAS**, segundo as seguintes normas:

1. Corresponde elixir no presente proceso electoral a **1 pai/nais**, dun total de 2 que debe ter o Consello Escolar.

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, do 10 de novembro ata as 14'00 horas do día 17 de novembro.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do IES. As candidaturas poderán ser presentadas do 11 de novembro ata as 14'00 horas do 18 de novembro.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público o día 21 de novembro, ás 11:30 horas. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- As votacións realizaranse neste IES o **día 29 de novembro, de 9:00 a 10:30 horas, de 13:00 a 14:25 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 8:45 horas.

6.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **1 nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

7.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.

8.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

9.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Bueu, 4 de novembro de 2022

O/A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Asunción Soñora Abdiñ